

PRÓLOGO (que quer ser convite...)

Como todos os oficios, o docente dá alegrías e penas, e aquí e agora prácame extraordinariamente desfrutar das primeiras. Antano, o oficial ou a oficiala (aquí si que non había protestas de feminización superflua...) acadaban tal título xustamente cando se facían, maxisterio mediante do experto, donos do oficio, cando chegaban a posuír os seus segredos e o traballo feito revelaba a madurez do aprendizado. O oficio docente, para ser decente (isto é, conveniente e decoroso, etimoloxicamente entendido o adxectivo), precisaría tamén dun aprendizado que nos levase a ensinar non o que sabemos senón o que non saben os nosos alumnos, ou sexa, que tivese por obxectivo central non a exhibición do pouco que coñecemos senón a iluminación do que o noso auditorio discente precisa saber, como mínimos de instrución que animen o avance do coñecemento. Mais, neste oficio, facémonos “oficiais” *daquela maneira*, isto é, a golpe de intuición, práctica profesoral, coñecemento empírico acumulado un ano após outro... e un algo de fortuna ou cumplicidade co receptor, se ten a ben satisfacer unha miga a súa curiosidade e somos quen de lla mantermos viva. Non se nos aprende a aprender, en suma, e, daquela, aprendemos nós a custa, tantas veces, dos aprendices...

Claro está que haberá quen considere a docente unha ilustre profesión e non un oficio vulgar (de ilusión tamén se vive...), mais en todo caso fica en pé o aserto anterior: ensinar *ben* consistirá en conseguirmos que a-o estudante aprenda o mellor posíbel e, sobre de todo, teña ilusión por seguir aprendendo até o fin dos seus días, como aconsella o refrán de noso (“está a vella morrendo e está aprendendo”). Pois ben, hai ocasións, para quen, como unha servidora, leva moitos anos no ensino, en que o oficio vira realmente gratificante, por non dicermos tamén altamente edificante, en non evitándonos rima interna dos cualificativos. Esta é unha delas: a presentación en sociedade dun traballo serio, rigoroso, documentado e entusiasticamente comprometido coa escritora de que trata. Auto-emprazámonos desde xa a xustificarmos, un por un, os adxectivos que acabamos de utilizar e que apomos a este estudo de Diego Pardo Amado, o seu autor.

Coñecémolo como estudante exemplar, nas aulas de Filoloxía Galega da Universidade da Coruña, nunha promoción de graduados (2002-2006) de que gardamos óptimo recordo e que tivemos ocasión de “amadriñar” cunha alocución que tentou devolver ao nome da titulación o seu sentido primixenio (amor á palabra e ao pensamento, simultaneamente, non disciplina forense...) e que volveu pola importancia e a transcendencia da literatura, non como materia de disección, non como obxecto mercantil, senón como arte significativa da sociedade en que se forma e da historia a que pertence. Sempre acreditamos en que o bon coñecemento da literatura galega, a súa análise e interpretación, deberían contar decote co amor polo estudado, o gosto pola súa lectura e a cumplicidade afectiva coa súa existencia. Dirásenos, talvez, que estes ingredientes da intelixencia emocional son factores extra-académicos que sobardan o campo estritamente científico. Por contra, nunca chegamos a comprender como se poderá ensinar literatura galega detestándoa, maltratando os seus artífices, minusvalorando a súa produción, asegundándoa sempiternamente a respeito da española ou doutras europeas, aplicándolle o microscopio ás súas limitacións e o telescopio ás súas virtudes. Se tal exercicio agrede decontado o principio de autoestima artística propio dunha cultura normal, no caso da galega reveste moita máis gravidade, xa que a non valoración nos seus termos da literatura clásica leva da man a unha ignorancia profunda da historia toda da nación e a un desafecto, por desinformación, do caudal cultural do povo a que esta literatura corresponde. Con efecto, ela, a literatura renacente do XIX e a do XX, constitúense como formidábel metonimia dun proceso autodeterminante de magna aspiración: a ruptura da minoría de idade cívica e política, a emisión con voz xenuína e non emprestada, a morada en casa propia e non alugada... **(María Pilar García Negro. Fragmento do prólogo de Rosalía de Castro. A luz da ousadía).**